



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE OURENSE PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “FAILDE MESTRE ESCULTOR”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización do proxecto “Failde Mestre Escultor”

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O proxecto “Failde Mestre Escultor” abrangue exposición, talleres didácticos, conferencias, publicacións e todo tipo de actos divulgativos que afondar na figura do artista Failde, Mestre da escultura ourensá e galega do século XX, de recoñecemento nacional e internacional, e no seu modo de entender a vida a través da arte, onde se poñerán de manifesto as novas achegas ao seu estudo.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, por tratarse dun proxecto cunhas características especiais que o fan único en Galicia , motivo polo que a Consellería decide colaborar na súa realización.





Por todo o anterior, o concello de Ourense é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

